



Concello de Mugardos
(A Coruña)

CONCELLO DE MUGARDOS

ANUNCIO

APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS E DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN POLO SISTEMA EXCEPCIONAL DE CONCURSO, EN EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, PRAZA OFICIAL DE PRIMEIRA SERVIZO AUGA.

D. José Miguel Mahía Prados, Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 2023-0615, de data 26.06.2023), pola Resolución da alcaldía núm. 2024-0760, de data 24.06.2024, resolveu:

Primeiro.- Elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antes referido, aprobada pola resolución da alcaldía núm. 2024-0652, de data 31.05.2024, e que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 110, de data 07.06.2024, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>), e de xeito complementario, na páxina web do Concello de Mugardos (<https://mugardos.gal/es/>).

Segundo.- Designar o Tribunal cualificador que vulgará o proceso selectivo, que estará integrado da seguinte maneira:

Presidente/a:

Titular: María de las Mercedes Ocampo Santiago, tesoureira do Concello de Mugardos
Suplente: Olga Fra Gálvez, arquitecta do Concello de Mugardos.

Secretario/a:

Titular: Paula E. Ramos Díaz, secretaria do Concello de Mugardos
Suplente: Marina Núñez Orjales, secretaria do concello de As Pontes.

Vogais:

Vogal I:

Titular: Juan Miguel Martín Pérez, responsable de vías e obras do Concello de Fene.
Suplente: Víctor Montes Pena, oficial albanel do Concello de Fene.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Vogal 2:

Titular: José Durán Tojeiro, oficial agua Concello de As Pontes.

Suplente: Juan Carlos Romero Formoso, responsable en funcións obras e servizos do Concello de Mugardos

Vogal 3:

Titular: María Cristina Otero Taboada, auxiliar administrativa do Concello de Mugardos.

Suplente: María del Mar Nóvoa Conde, administrativa do Concello de Mugardos.

Persoal colaborador do Tribunal: Diego Seijo Alonso, funcionario do Concello de Mugardos.

Os/as interesados poderán promover a recusación dos membros do tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, definitivo en vía administrativa, poderán as/os interesadas/os interpoñer, con carácter potestativo, o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Mugardos con acceso <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8> e na sección de emprego do portal da transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/02f34628-bd6d-4e8d-9312-e80e7a227874/>). Si se interpón o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente o presente acto ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo. A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación da presente, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol.

Así mesmo, poderase interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 24 de xuño de 2024.

